

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016637	Cosme López Rodríguez	Rúa (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0230	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MANUELA ENRÍQUEZ RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Non existen grandes empresas de informática na zona, pero si un tecido empresarial baseado principalmente en PEMES, sectores primario e secundario. Ademais, temos unha representación das empresas tipo habituais en tódalas zonas rurais e necesarias: supermercados, farmacias, perruquerías, ferreterías, etc. Destacan algunhas empresas de construción (reformas e construción nova, inmobiliarias), banca e hoteis.

Este currículo orientarase hacia as PEMES que necesitan técnicos informáticos que reparen, instalen, amplíen e manteñan os seus equipamentos informáticos.

Dada a distancia a núcleos poboacionais máis grandes onde existen ciclos superiores, parte do alumnado opta por matricularse nun ciclo medio de informática como alternativa á situación dada a necesidade de técnicos nas poboacións colindantes.

O Módulo EIE contribuirá a que o alumnado poda recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa, e teña iniciativa emprendedora na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social. Este módulo contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- q) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presenten nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.
- r) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.
- x) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

E contribúe a alcanzar as seguintes competencias do ciclo formativo:

- ñ) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- s) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A empresa e o emprendedor	Requisitos que debe ter o empresario. Factores clave na iniciativa emprendedora. Innovación. A Cultura Emprendedora. a idea de negocio. O emprendedor. A empresa. O análise do entorno.	8	12
2	O plan de empresa	Idea de negocio. Estructura do Plan de empresa. Proxecto	6	10
3	O estudo de mercado	Conceptos básicos. Marketing mix. Produto, prezo, promoción distribución	6	10
4	Formas xurídicas de empresa	Tipos de empresas. Fiscalidade das empresas. Elección da forma xurídica. Ventaxas e inconvenientes de cada forma xurídica. Trámites para a constitución e posta en marcha da empresa	12	20
5	Fontes de financiamento	Análise da viabilidade económica e financeira da nosa empresa. Axudas, subvencións e outras formas de financiamento	8	12
6	Trámites para a creación da empresa.	Interpretar os diferentes tipos de documentos necesarios para iniciar a actividade empresarial.	9	14
7	Contabilidade básica	Concepto de contabilidade e nocións básicas. Contas anuais. Balance e Conta de perdas e ganancias. Rentabilidade do noso proxecto empresarial	8	12
8	A xestión da empresa.	Profundar na xestión administrativa e fiscal da empresa. Os principais impostos e cal é a dinámica de funcionamento dos mesmos	6	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A empresa e o emprendedor	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor, identifica as capacidades asociadas a el e define ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, logo da análise da relación entre empresa e contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos, e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e a súa posta en marcha.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da informática.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e creatividade, e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da informática, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto da actividade empresarial no medio e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral da empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de informática en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de informática, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos dunha empresa de informática, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.

Crterios de avaliación

CA3.1 Analízouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cumpran para desenvolver a actividade empresarial.

CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da informática.

4.1.e) Contidos**Contidos**

Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de informática: materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.

Cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia. Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.

Actuación das persoas emprendedoras no sector da informática.

O risco como factor inherente á actividade emprendedora.

Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.

Ideas emprendedoras. Fontes de ideas: maduración e avaliación.

Proxecto empresarial: importancia e utilidade, a súa estrutura e a súa aplicación no ámbito da informática.

A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

Análise do contorno xeral dunha pequena ou dunha mediana empresa de informática: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

Análise do contorno específico dunha pequena ou dunha mediana empresa de informática: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.

Localización da empresa.

A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.

Cultura empresarial; comunicación e imaxe corporativas.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O plan de empresa	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor, identifica as capacidades asociadas a el e define ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, logo da análise da relación entre empresa e contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos, e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e a súa posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou unha mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto da actividade empresarial no medio e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral da empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de informática en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro, e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.2.e) Contidos

Contidos
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, a súa estrutura e a súa aplicación no ámbito da informática.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e das estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O estudo de mercado	6

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, logo da análise da relación entre empresa e contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos, e dos valores culturais e éticos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.3.e) Contidos

Contidos
Descrición dos elementos e das estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Formas xurídicas de empresa	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e a súa posta en marcha.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa, con determinación das vantaxes e das desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da informática.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou unha mediana empresa.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.4.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal da persoa empresaria.
Fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial, así como para a súa posta en marcha.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de informática.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Fontes de financiamento	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e a súa posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou unha mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e as subvencións para a creación e a posta en marcha de empresas de informática, tendo en conta a súa localización.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro, e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.5.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena ou dunha mediana empresa no sector de informática.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Trámites para a creación da empresa.	9

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e a súa posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou unha mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.6 Identifícanse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identifícanse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou unha mediana empresa.
CA4.4 Formalizouse con corrección a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena ou unha mediana empresa de informática, mediante procesos

4.6.e) Contidos

Contidos
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de informática: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Contabilidade básica	8

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, logo da análise da relación entre empresa e contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos, e dos valores culturais e éticos.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou unha mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa informática, e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

4.7.e) Contidos

Contidos
Concepto de contabilidade e noións básicas: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A xestión da empresa.	6

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e a súa posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou unha mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa informática, con diferenciación dos tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimes)

4.8.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo Empresa e Iniciativa Emprendedora (EIE) evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver.

Asemade, dado que se trata de ensinanzas presenciais, o alumnado deberá asistir regularmente ás actividades programadas, considerándose perda de avaliación continua cando o número de faltas supere o 10% da duración do módulo, de conformidade coa Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG nº136/2011 do 15 de xullo) .

Os mínimos exigibles son os da sección correspondente, onde aparecen os criterios de avaliación. Estes mínimos serán a referencia para configurar as probas de recuperación das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua e guiarán o procedemento de avaliación ordinaria do módulo.

CRITERIOS CALIFICACION:

A avaliación será inicial e continua.

AVALIACIÓN INICIAL

A sesión de avaliación inicial realizarase os primeiros días do curso. Servirá para constatar o nivel do alumnado antes de comezar o proceso de ensino-aprendizaxe e para que o equipo docente faga un diagnóstico de partida de cada alumno e do conxunto do grupo. A avaliación inicial é un dos elementos que nos indica a necesidade de adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilidade na materia.

Esta avaliación inicial, poderase facer mediante unha proba escrita, u ben, facendo nunha sesión de clases varias preguntas orais para estudar o nivel xeral do alumnado. Pois, o alumnado moitas veces, chega a ciclo medio sen coñecer tan sequera de que trata a materia.

AVALIACIÓN CONTINUA

As pautas a seguir na análise da información recollida para determinar a cualificación do alumnado van ser as seguintes:

Haberá dúas avaliacións , en cada unha ponderará:

- Ata un 40% será a media aritmética ponderada acadada nas probas escritas realizadas durante cada avaliación, coa esixencia de que o alumno/a teñan superada cada proba. (dependendo das tarefas e probas entregadas en cada avaliación)

- 10% dá cualificación será a participación en clase, actitudes e o traballo na aula.

- O 50% restante (como mínimo), será o resultado dos traballos e exercicios recollidos. Estes traballos realizaranse mediante TICs. (dependendo das tarefas e probas entregadas en cada avaliación), Incluído o Plan de empresa.

Non obstante, para presentarse ao exame ordinario, será necesario:

* Non ter perda a avaliación continua

* A entrega das epígrafes correspondentes al Plan de Empresa asignadas para cada avaliación

PROBA ESCRITA:

Poderán incluír preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test (podendo puntuar negativamente en caso de erro) e/ou exercicios e casos prácticos.

En cada exame figurará especificada a valoración das diferentes partes.

En caso de facerse máis de un exame por avaliación farase a media de ditos exames.

Para aprobar un exame é necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos

Para aprobar a avaliación é necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos sobre 10.

PLAN DE EMPRESA:

O correspondente ao Plan de empresa e ás habilidades e destrezas demostradas nas diferentes actividades realizadas:

As actividades realizadas e a elaboración e presentación das fases do plan de empresa valoraranse tendo en conta unha serie de puntos recollidos nunha TABLA DE COTEXO, entre os que figurarán os seguintes puntos entre outros:

-Presentación (organización xeral do traballo, índice, epígrafes, paxinado, ortografía e linguaxe empregado).

-Orixinalidade e claridade da idea de negocio.

-Dificultade do proxecto.

-Viabilidade da idea a curto, medio e longo prazo.

-Desenvolvemento de cada epígrafe coa extensión e profundidade requirida.

-Axuste do presentado ao guión requerido.

-Presentación na forma e prazo que se requira.

Farase unha entrega das fases correspondentes do plan de empresa por cada avaliación.

Para superar cada avaliación é preciso sacar, como mínimo, un 5 sobre 10 tanto nos exames teórico/prácticos como na elaboración das actividades e nas fases do plan de empresa correspondentes.

É imprescindible a entrega do plan de empresa para superar o módulo.

En Xeral terase en conta que o contido da resposta sexa correcto e completo, que estea debidamente razoada, a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía específica do módulo e o emprego de exemplos adecuados. Se os exercicios son prácticos teranse en conta, tanto as interpretacións, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Se a proba consta de parte teórica e práctica diferenciada, será necesario ter aprobadas ambas para superala.

Poderase facer probas nas que teñan que facer comentarios, numerar, explicar ou definir unha parte da materia, así coma exercicios prácticos.

O alumnado que por algunha causa xustificable non poda facer algunha proba o día fixado, faráselle dita proba o día da recuperación.

Cando un alumno ou alumna queira subir nota, farase un exame de toda a avaliación, e, en ningún caso se gardará a nota anterior.

A cualificación final obterase coa media das avaliacións parciais sempre que en todas elas o alumno/a conte cunha nota igual ou superior a 5 puntos.

Esta nota final coincidirá coa nota do derradeiro trimestre, sempre que esta sexa igual ou superior a 5

No caso de que algún alumno ou alumna intente aprobar por métodos fraudulentos, este suspenderá directamente a avaliación, e faráselle

unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

En cada avaliación realizarase, cando menos, unha proba escrita teórico-práctica e recolleranse as fases do plan de empresa correspondentes aos contidos impartidos nese trimestre. No caso de que haxa alumnado que non acadase unha cualificación positiva do módulo farase unha recuperación na semana anterior á celebración da avaliación previa á FCT.

Esta recuperación consistirá en probas escritas, que poderán ser tipo test para comprobar a adquisición dos contidos mínimos e na entrega do Plan de Empresa elaborado durante todo o curso, sendo necesario conseguir unha cualificación como mínimo 5 puntos para considerar o módulo superado.

Os alumnos/as que non superen este módulo deberán realizar unha serie de actividades de recuperación ao longo do 3º trimestre fixadas pola profesora tendo en conta as dificultades que tiveron os alumnos co módulo pendente para alcanzar os resultados de aprendizaxe. Por iso, poderán fixarse procedementos de ensino-aprendizaxe máis sinxelos e un sistema de avaliación máis flexible, respectando sempre os obxectivos. En todo caso, todo isto figurará no correspondente Informe Individualizado de Avaliación que o profesor deste módulo deberá redactar para cada un dos alumnos/as que non sexa avaliado positivamente incluíndo:

-A xustificación da súa decisión en función dos mínimos esixibles que non foron acadados.

-Unha proposta detallada das actividades de recuperación que considere necesarias para que o alumno/a acade os obxectivos mínimos que lle permitan superar a avaliación extraordinaria.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Conforme se determina no artigo 25 da Orde de 12 de xullo de 2011, e no RRI do centro, o número de faltas que implica a perda do dereito a avaliación continua no módulo será do 10% .

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua no módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria que terá lugar no mes de xuño referida aos contidos de todo o curso con independencia de que previamente tivera superada algunha parte do módulo.

O alumnado deberá superar unha proba de características similares as sinaladas para o resto dos compañeiros, consistente en preguntas de desenvolvemento, de tipo test , ou ben supostos prácticos, de xeito que o alumno/a acredite ter acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Ademais deberá entregar o Plan de empresa e demais actividades que lle encomende a profesora. O peso da proba escrita será máximo 4 puntos e os traballos 6 puntos necesitando acadar en cada unha das partes calificación positiva para poder superar o módulo.

O alumnado que teña este módulo pendente deberán facer as probas: ordinaria e extraordinaria nas datas que se establezan. Estas probas seguirán a mesma estrutura: parte teórica e parte práctica.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Saliéntase a importancia da propia avaliación deste documento para comprobar se realmente acadará a súa finalidade. A tal fin, aplicaranse os seguintes criterios:

- Adecuación dos contidos recollidos na programación para conseguir as aprendizaxes propostas.
- Utilizarase un diario de clase onde se anotarán actividades realizadas diariamente así como as reflexións que xurdan con fin de mellorar a práctica docente.
- Mensualmente cumprimentarase a folia de seguimento da programación segundo o procedemento correspondente
- Ademais ao finalizar o curso os alumnos cubrirán un cuestionario de avaliación sobre o desenvolvemento do módulo, onde quedará reflectida a súa opinión, o interese que lles suscitou, a adecuación da metodoloxía empregada e a valoración da profesora

A profesora recollerá a temporalización real das distintas unidades didácticas, co obxectivo de poder corrixir no propio curso os desfases detectados fronte a temporalización prevista e precisar mellor a temporalización das unidades en vindeiros cursos académicos.

Como di o decreto de calendario tamén se efectuará un seguimento na aplicación de programacións da Consellería

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Esta programación didáctica está aberta ós diferentes tipos de modificacións que podan xurdir en función das necesidades específicas de apoio educativo que podan presentar os alumnos.

A avaliación inicial permitirá coñecer todo o relacionado coa motivación do alumno, a actitude coa que se enfrenta ao proceso de ensinanza-aprendizaxe e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir. Para a súa aplicación empregaranse:

Cuestionario de motivación inicial: co que veremos o nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo e expectativas sobre o módulo.

Cuestionario de coñecemento previos: empregárase para coñecer o nivel de coñecementos previos do noso alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No proceso de ensinanza-aprendizaxe poden xurdir dificultades, para subsanalas tomaremos as seguintes medidas:

- A avaliación inicial, a través da cal coñeceremos o nivel de coñecementos previos dos nosos alumnos.
- O diálogo profesora-alumno debe ser continuo a fin de posibilitar a adaptación de determinadas actividades ó nivel de coñecementos previos de cada alumno.
- Estableceranse secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Diseñaranse actividades de ensinanza-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Fomentase o traballo en grupo e a axuda recíproca compañeiros. Dentro da formación de grupos procurarase que estes sexan heteroxéneos para facilitar a axuda mutua.
- Consideraranse diferentes tempos para a realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Utilizarse recursos e materiais variados (gráficos, audiovisuais, Internet) para unha mellor comprensión por parte dos alumnos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Dende o módulo de EIE traballaremos os seguintes valores:

Educación ética:

Fomentárase o respecto polas opinións de todos e a adopción dunha actitude aberta e crítica.

O traballo en equipo permite traballar contidos de importancia como a honestidade, o compromiso a confianza. Trataremos de contrapoñer a empresarios que buscan o enriquecemento rápido fronte a empresarios que se preocupan pola solidariedade, a utilidade social da empresa e o benestar dos traballadores.

Educación para a non discriminación:

Consideraranse ós alumnos e as alumnas para evitar discriminacións entre eles, intentando eliminar os roles asignados tradicionalmente a un ou a outro sexo. Potenciarase a aceptación de tódalas persoas e fomentarse a importancia da no discriminación laboral por razón de sexo ou raza.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O longo do curso realizaranse actividades extraescolares, como excursións, charlas, coloquios ou exposicións, sempre vinculadas á materia impartida na aula durante o curso.

Estas actividades terán como obxectivo o acercamento do alumnado a tales contidos, adquirindo unha maior comprensión dos mesmos.

No caso se desenvolverse actividades no horario lectivo, estas terán a consideración de obrigatorias, pudiendo substituírse no seu caso por un traballo adicional proposto polo docente, en este caso, de obrigada entrega.

10. Outros apartados

10.1) ADAPTACIONES RELACIONADAS COA COVID-19

Actividade lectiva presencial:

A actividade lectiva presencial desenvolverase seguindo o recollido nos diferentes apartados da presente programación.

Actividade lectiva semipresencial:

No caso de que a actividade lectiva se deba desenvolver de xeito SEMIPRESENCIAL, o equipo docente poderá propor un horario axeitado que inclúa franxas horarias que permitan ao alumnado continuar a formación de xeito telemático sen asistir ao centro. Desta maneira o grupo dividirase en dous subgrupos de alumnas e alumnos para os cales se establecerán quendas de docencia presencial no centro e de docencia on-line.

Todos os contidos do módulo de EIE poden ser desenvolvidos de xeito telemático, polo que non se establecen contidos que necesariamente se deban impartir de xeito presencial, nin contidos exclusivos para a docencia telemática, aínda que si terán preferencia á hora de impartir a docencia presencial os contidos nos que existan cálculos tales como a elaboración de balances, cálculo de ratios o análise económico y financiero

A metodoloxía que se seguirá durante todo o curso será, fundamentalmente, a metodoloxía da «Aula Invertida», e a plataforma de referencia para o seguimento do módulo será a «AULA VIRTUAL do centro». Desta maneira, o alumnado deberá ler ou visualizar os contidos indicados pola profesora nas súas casas. Os contidos estarán recollidos na aula virtual, e no material complementario e vídeos que a profesora relacione na Aula Virtual do centro. Do mesmo xeito resolverá os exercicios, traballos e actividades propostas, que posteriormente se corruxarán na aula.

As clases presenciais centraranse na resolución de dúbidas, aclaración de conceptos de difícil comprensión, corrección das actividades e supostos prácticos propostos, e para a exposición oral de traballos.

Adicionalmente, e sempre que se dispoña dos medios necesarios, tanto polo centro como polo alumnado, contéplase a posibilidade de que o alumnado que está na casa se poida conectar de xeito on-line, a través dunha videoconferencia, coa clase presencial. A ferramenta de videoconferencia utilizada será «Eduxunta CISCO WEBEX» .

En relación coas aprendizaxes mínimas que o alumnado deberá adquirir, establécense as mesmas que para a actividade lectiva presencial, sendo os instrumentos para acadalas os que se adapten á situación de semipresencialidade.

As probas e/ou exames que teñan lugar ao longo do curso deberán realizarse de xeito presencial. Para iso fixaranse horarios e aulas onde poida realizar a proba a totalidade do grupo. No caso de que, por non dispor de franxa horaria ou de aula, non se poida facer a proba á totalidade do grupo de xeito presencial, esta farase de xeito telemático, conectado coa profesora a través da ferramenta de videoconferencia «Eduxunta CISCO WEBEX» utilizada nas clases on-line e seguindo as instrucións que marque a profesora (cámaras abertas, micros abertos, pregunta de seguridade,

etc) e que garantan a seguridade da proba.

No caso de suspensión da actividade lectiva presencial, a docencia pasará á modalidade de «TELEFORMACIÓN ou FORMACIÓN ON-LINE».

Neste caso a metodoloxía será a seguinte:

1º.- Os contidos do módulo seguiranse polos apuntes subidos na aula virtual

2º.- A plataforma de referencia para o acceso aos materiais complementarios do módulo, a realización e entrega de tarefas, supostos prácticos e traballos, a realización de probas, a realización de consultas e como principal canle de comunicación será a «AULA VIRTUAL do centro», tal e como xa se viña realizando anteriormente en presencial e en semipresencial.

3º.- Para as explicacións dos contidos teóricos e prácticos do módulo utilizaranse a ferramenta de videoconferencia «Eduxunta CISCO WEBEX» para continuar coas clases on-line (que se impartirán seguindo o horario inicialmente establecido). As plataformas YOUTUBE , así como webs de TV, onde se poderá acceder a vídeos explicativos servirán para reforzar os contidos. Na plataforma da aula virtual deixaranse os accesos ao material audiovisual.

4º.- As probas e exames realizaranse de xeito telemático a través da «AULA VIRTUAL do centro» ou de xeito oral a través da plataforma de videoconferencia «Eduxunta CISCO WEBEX» utilizada nas clases on-line.

5º.- En relación coas aprendizaxes mínimas que o alumnado deberá adquirir, establécense as mesmas que para a actividade lectiva presencialsendo os instrumentos para acadalas os que se adapten á situación de « Teleformación ou formación ON-LINE».

6º.- Respecto aos criterios que se terán en conta á hora de calcular a cualificación de cada trimestre para o alumnado con dereito á avaliación continua, estes adaptaranse á docencia on-line ou teleformación da seguinte maneira:

a) Proba escrita: Terá un peso do 40% da puntuación total da cualificación.

b) Actividades relativas a la entrega de las diversas fases del Plan de Empresa: Cun peso específico do 60% sobre a puntuación.

Por último, e RESPECTO DA DOCENCIA ON-LINE, establécense as seguintes NORMAS DE ACTUACIÓN E COMPORTAMENTO:

A docencia On-line ten a mesma consideración que as clases presenciais, unicamente varía o canle de comunicación, que en lugar de ser en persoa, realízase mediante un dispositivo con conexión a internet (ordenador, móbil, tablet, etc) polo que a asistencia ás clases on-line é obrigatoria igual que ás presenciais. A non asistencia ás mesmas será considerada, en principio, una falta de asistencia non xustificada. Isto queda supeditado a que a alumna/o dispoña dos medios necesarios e axeitados para poder seguir as clases on-line.

Normas durante as clases ON-LINE:

- A conexión á sesión será puntual. Farase coa cámara aberta, saudarase e continuación pecharase o son.

- A conexión manterase durante toda a sesión, e a/o alumna/o poderá desconectarse unha vez rematada a clase e despois de que a profesora se despida.

- Para intervir pedirase a palabra a través do foro da ferramenta de videoconferencia ou levantando a man.

- Se algún/ha alumno/a tivera que abandonar a clase antes de rematar a sesión, comunicará a desconexión no chat da videoconferencia, ou no foro habilitado na aula virtual para tales incidencias.

- As persoas que participen na sesión estarán identificadas co seu perfil, para o cal utilizarán o se nome e primeiro apelido, co fin de facilitar a identificación.

- Non se permitirán condutas que poidan ser sancionables na docencia presencial. En caso de producirse serán sancionadas segundo o réxime establecido nas NOF.